

A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» na Galiza e nas colonias
d'América e Portugal

ANO MCMXXI



SUMARIO

En col do arredismo, por Victoriano Taibo.—*Vellos poetas galegos* (Martín Codax).—*Espansión e nazionalismo*, por Ramón Vilar Ponte.—*Cigalladas*, por Salvador García F. de Bodaño.—*Verbas do Presidente da Cataluña*.—*Teatro galego*.—*Lembranza d'amore*, (versos), por A. Vilar Ponte.—*A farsada electoral*.—*Mondariz templo de enxebrismo*.—*Historia dos movimentos nazionalistas*.—*Peneirando*.—*Follas novas*.—*Propaganda agraria*.—*Desamor* (versos), de Avelino Rodríguez Elías.

D. Miguel Xil Casares-*A Escola Normal de Maestras*.

PREZOS DE SUSCRIZON: Na Cruña, ó mes, 40 cmos.; Fora, trimestre, 1'50 ptas.
América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 cmos.—Pagos adiantados

Redaición e Administración: Praza María Pita, 17, baixos, CRUÑA

Camiseria, Corbatería
e Guantería

Enrique Roca

REAL, 28-A CRUÑA

Os viños e coñas millores

son os que se exportan a casa PEDRO DOMECH de Xerez Fronteira, fundada en 1734. A casa más antigua de Xerez.

O vermouth más selecto
de mundial e reconocida sona é o Cinzano (Torino).

Pra viños de mesa

non hai outros com os dos cosecheros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera 39 e 41 - 2.º piso-A Cruña

"Patente-Salvavidas"

O millor pra pintar os fondos dos barcos. Ganou Diploma de Honore, Gran premio e medalla de ouro nas Exposiciones de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mirambell

VIGO-CRUÑA

O DIPUTADO POR VEIRAMAR

Novela de Gonzalo López Abente

Esta interesante e modernísima novela en idioma galego, está posta a venda nas principales librerías de Galicia.

PRECIO: 3 REAS

Véndese—Na Cruña, Administración «A Nosa Terra», e Irmandade da Fala.—Ferrol, Librería de Comadira e de Gerardo Castro, en Lugo.

NOVELTY

PLANCHADEIRO DE MODA

GRANDES TALLERES

DE LAVADO E PLANCHADEIRO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centraes: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12

VIGO, Praza da Constitución, 12

Sucursaes na Cruña: Estreita de San Andrés, 12

Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Todas as nossas sucursaes ostentan un letreiro como sinal, qu' é reproduzido da marca de garantía xa conocida.

Recibense encargos de fora, y-espídense por medio das nossas sucursaes. Si no lugar onde vostede reside non-a hay, sírvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encargos.

PAULINO FRÉIRE

BOUZAS-VIGO

Sucursaes: en CRUÑA--FERROL

Redes d'algodón pra tarrafa.

Aparelhos, armados e en panos, pra barcos pesqueiros.

Malletas de abacá e cáñamo alquitranado.

Cables de aceiro, ingleses.

Aceites mineraes e vexetaes, e surtido completo pra maquinaria e pesca.

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA —

O Café Novo

Urzáiz, II - BAYONA

La Modernista
GRAN SALON DE BARBERÍA

DE

RAMOS E ACEA

San Andrés, 94-1.º - A CRUÑA

Estabreimiento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todos os aparatós higiénicos. Especialidad en lavados de cabeza, locios e fricções de todas clases.

NOTA: Neste estabreimiento atopará o público un servicio permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das más importantes peluquerías d'esta capital.

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCEÑAL

ANO V — NÚMERO 135 — 28 FEBREIRO 1921

En col do arredismo

Eu non son arredista: non pudo sel-o.

Non son arredista porque levo no corazón o sentimento d'irmadade dos homes e dos pobos; e sentirte ista arela fraternal é terce na alma o vencello d'ouro que nos pon a carón de todos os espíritus ceibes, de todos os peitos nos que lateja a ideia de libertade e humanidá.

Eu non son arredista: non pudo sel-o.

Emporio.....

A fraternidade entre dous homes ou entre dous pobos devén muitas voltas do concepto que unha feña do outro.

Podemos sentir o noso corazón vandellado polo de quen nos asoballou e escarneceu?

E aqués que desle outrora venen a cotío aldrajándonos e tecendo orredor do noso nome e da nosa sona a teu vil de todos as calumnias, aqués que amontoaron por de riba da nosa vida a marea fedenta de tantas e tantas alburgadas sanguentas e ridículas... sintiron algúna volta un so nisco d'amore e fraternidade escondida nos?

Quén rouba, firme e asoballa é irmão?

A Galiza tiraronlle a fala e deixaron-a sin ensamblado; derrumbaronlle as leis, privando-a da liberdade; os "trabucos" injustos armas dos obos gavillantes—afundiron a sua economía, e foi pobre.

Cando a viron apouigada por todos as desgracias rironse d'ila.

A Galiza non é arredista. A Galiza extremaron-a arredaron-a como a un doente de males gafosos.

E guindaron-a no corruncho do esquezo a chorar e saltar.

Mas, n'ise corruncho, esquecido entrou a raiola do sol que todo o ollece, limpa e purifica.

A Galiza ergueu-se nunha cubiza tola de vida e liberdade.

Extranxalle a alguén que se sinta egoista?

Naveu tantos séculos extremada que non coñece á vivienda.

Emporio.....

Eu non son arredista: non pudo sel-o.

Levo tan metido no corazón o sentimento de fraternidade dos homes e dos pobos!

VICTORIANO TAIBO.

Eispansión e nazonalismo

Ante as diferentes cualidades beneficiosas do nazonalismo destaca podeirosamente polo sua eficacia a cualidade de sere, como di con moito acerto o esquirtore inglés Mr. Chestertón, non soio unha barreira á invasión, sinón tamén unha barreira á eis-

pansión. O nazonalismo tén, ademais da propiedade ventaxosíssima, e polo mesmo merecente das más ferventes loubas, dese como un dique no que veñen a estrelárense as arelas e os propósitos absorventes e asimilistas dos pobos contaminados polo malfadada febre imperialista, a propiedade non menos proveitosa de constituirse a xeito de unha negación rotunda e terminante dos afans e as cobiças d'expansión territorial, qu'en si leva en primeiro termo toda acción imperialista.

E facilmente cómpréndese que sendo o sentimento nazonalista xermoladore de unha modalidade antieispansiva no senso craro é, de asoballamento e dominio de terras alleas, tal propiedade leva implictamente á concrusión pacifista, unha concrusión que poidera chamarse antibélica, negadora dos conflictos armados, toda vez que na mayoría das ocasións taes conflictos reconcen como o desexo ilexítimo de adonárese da propiedade allea; o que na esfera dos feitos individuaes chámase, crara e sinxelamente, roubo, hurto ou latrocínio.

Os motivos de tan honorante modalidade, que ante outras moitas igualmente beneficiosas amostra o nazonalismo, pódense reduciren a un soio. Dende o momento en que o nazonalismo finca toda a sua doctrina, convetíndo-a en base sua, na intanxibilidade das nazonalidades naturaes, na sua reconstrucción e restablecimento sempre que existisen tentativas de rachadura ou asoballamento das mesmas, é lóxico, pro de unha lóxica esmagante e deslumeadora a sua oposición irreductivel a todo o que signifique o más cativeiro intento de ataque a aquela intanxibilidade prena, total, que é esenza mesma da perfecta autonomía e do completo autodomínio, pilares nos que se asenta a indispensable libertade. E como todo intento de ataque á intanxibel integridade nazonal, da que o nazonalismo fai a sua primeira e más ineludivel condición i-eisixenza, por cativeiro, e fallo de importancia que semelle, terá de ser de cote a base de unha expansión, sexa do xeito que sexa, resulta, pois, que o desenvolvemento do sentimento nazonalista ven a ser o esvaimento, o desbute dos propósitos expansionistas. E taes propósitos, por ista circunstancia, ficarán axuntados na tendenza oposta ó nazonalismo, ou sexa no imperialismo, por virtude de unha natural polarización.

O nazonalismo, atento de cote á tareia ergueita e sán de reducir cada pobo ós lindeiros que a natureza espontaneamente lle impón, de ningún xeito pode amostrarre conformidade con aquelo que signifique ainda o más lixeiro propósito ou tentativa de contravención das leis naturaes, e istas leis naturaes que a vontade human difizilemente pode achoutare, con craridade amostran, sen que queipa o menor lugare a dúbidas, os marcos dentro dos que cada pobo ten asinalado o espazo pra o seu afincamento e desenvolvemento. Logo todo o que sexa esquençamento ou falla de concesión de valore a taes leis será, de un xeito ineludivel, ire en contra do que o imperativo natural manda. E todos sabemos que a oposición a tal imperativo ten de ser, á longa ou á curta, más axiña ou más tarde, rectificada á forza polo fracaso rotundo ou polo desgaste inútil d'enerxías non recorables xa tan facilmente, e polo mesmo desaproveitáveis pra toda labore serea e d'eficacia,

Eis, por conseguinte, como a eispansión indo en contra da

que craramente indica a natureza, de aquello que se axunta ó seu imperativo, non pode por menos hachárese en irreductivel oposición cō sentimento nazionalista, que de un xeito rotundo, firme impon óspobos a obriga, non recusavel por nada nen por ninguén, de atendere ó governo eisclusivo do seu territorio, da casa propia, coa prohibición absoluta de misturárese nas cuestións alleas, no terree alleo, ultrapasando os lindeiros que lle pertenecen, sempre e cando unha acción mancomunada de as diferentes nazionalidades movidas por un outo sentimento de xustiza e d'equidade non-as impulsase a unha intervención, duraideira tan soiamente o tempo que fose mester pra restaurare e establecer o dereito conculado, ou a xustiza aldraxada e triplada.

Ademais, e prescindindo de todo o devandito, a eispansión territorial trai consigo de cote, máis ou menos axiña, o xurdimento, dentro do Estado que a leva a cabo, dos graves probremas do irredentismo. As xentes dos territorios asoballados pol-a forza tardarán en produciren conflictos o tempo que tarde n-elas a iniciación do espertare patriótico. Dende que tal suceda, pójese afirmare que a felicidade e a paz findaron no Estado en custión. E un día e outro, con más forza ou con menos forza, os conflictos sucederánse con intensidade suficiente, por pouca que ésta sexa, pra perturbar e mantel-a anormalidade infecunda dentro do Estado eispanionista, e ó remate, non terá outro remedio que findar por prestare o seu acatamento a feitos que reconcelados e legalizados denantes houberan aforado xornadas vergonhosas e tristeiras....

RAMON VILLAR PONTE.

VELLOS POETAS GALLEGO

Martín Codax

S. XII-XIII

CÁNTIGA

Ondas do mar de Vigo,
Se vistes o meu amigo?
E, ai Deus, se virá cedo!

Ondas do mar levado
Se vistes o meu amado?
E, ai Deus, se virá cedo!

Se vistes o meu amigo
O porqué eu sospiro?
E, ai Deus, se virá cedo!

Se vistes o meu amado
O porque hei gran cuidado?
E, ai Deus, se virá cedo?

CIGALLADAS

Traxedia

Morria a tarde. Aló n-o fondo d-o val inda s'escoitaba o marmurio descompasado d-as xentes. O gaiteiro, por encárrego dos mozos deixara de tocar. Todos eran corriños arremoiñados n-o campo d-a romaxe. As olladas eran interrogación pero naide s-espicaba como fora... naide tería o valore de falar...

Testigos?... Calquera declaraba en contra d-o señor... O mesmo xuez «incou» o sumario con certo «escrupulo»...

D-él desprendiase que o morto Xaquín de Louro, era home de moi malos antecedentes, camorrista, enemigo da relixión... e sobor todo «perturbador» d-a pas pública con aitos de propaganda nomeada agraria, pero no fondo *bolchevique*... O asesino, rapas eeixempro de virtudes, sensato, e nada provocadore N-os «autos» dábanlo «don»...

Todolos testigos declararon o mesmo: non viran nada...

Mais a Federación non s-ia resinar e nomeou abogado pra que se «entendera» n-o «asunto»...

Soio s-hachou un testigo de cárgo que se non deixou sobornar: era a orfiña, a filla de Xaquín, anxo que recollera n-un bico a alma de seu pai... Pro, que valeria ista proba diante duns médicos despostos a esnaquizala?... A probe orfiña malpocadot alcontrábase *tola*...

Na concencia de todos estaba a seguranza de que o crimen se cometera pra vengar «xustos» agravios. Había que desfacerse d-o honrado labrego, d-o propagandista infatigabel qu-ia crevando os cimentos d-a oligarquía. Naide millor que ti, dixo-llo pai, por alcanzarche os beneficios da miña «imunidá»... I eisí foi. Cando todos s-adivertían n-a romaxe, cando o baile i-a toleria moza eran más no seu apoxeo, a puñalada traídora parteu o corazón de Xaquín. Unha sorrisa ateigada de dozura tingueull'os beizos cal-a derradeira protesta d-aquela alma que tanto amara e que xa non voltaría endexamais a sinalar marchando diante, o camiño d-a Libertá...

— Aurora —

O «conto» sobreseeuse por falla de proba...

A orfiña medrara en anos, en amore ó paicíño morto i-en odio ós *siñores* que non faguian xusticia...

E n-a mañán, n-unha mañán de primadeira, de froles e de sol, d-arumes e paxariños, cando as derradeiras pingotas de rocio termelaban nas follas d-os lirios...

Entrou pol-a horta e subeu moi quedíñamente as escaleiras...

O vello cacique dormía tranquíamente, coa indiferenza dun xusto.

Ela arrechegouse paseniño, paseniño, cal si tivera medo de si mesma... Seus ollos brillaron c-unha lus eistrana... Logo... Logo... unha gargallada terrible encheu o sobrado...

A orfiña diant-a preispeitiva d-o qu-ia faguer toleou ralmente..

Unha convulsión horribel i-un rego de sangue... foi a resposta do vello cacique, que tantos irmans guindara n-a miseria...

Ela saiu destoncés coa axilidade d-un lóstrego; semellaba un pantasma abançando por riba do valo d-a horta... Suas perniñas, de brancura de neve; seu traxe, o mesmo traxe do día da tragedia, raído pol-o uso...

Doblaron as campás... Cantano os paxariños n-unha silveira lonxana... O sol riase n-as outuras... O can oubizou n-o caserío d-o que fora siñor de terras e facendas... Os civiles ó pasare pol-o sombrizo cimitiéro d-aldea, toparon-a toliña chorando sóbor d-a cova onde repousa seu pai...

Oxe en todolos peitos ten un recunchiño d'amore, todos illadicán unha pregaria, todos a adoran... Porq-ela foi a Judith d-aquela nova Bethulia, que medrou i-é felis, libre d-as pouteñas aldraxantes de Holofernes... n-aquela mañán de primadeira, n-aquela aurora triunfal.

S. GARCIA-FERNADEZ DE BODAÑO.

Suscríbase vostede

A NOSA TERRA

Verbas do Presidente da Cataluña

O Sr. Puig e Cadafach, comentando o feito polo Goberno de Dato coa acta de Torroella de Montgrí, dixo o seguinte:

«A conducta do Goberno resulta moi proveitosa para a campaña arredista y-a más eficaz de cantas neste senso fanse na Hespaña. A min me non desespera este resultado e aceito a conducta do Goberno como unha axuda.»

Teatro Galego

“MARIA ROSA” (Drama en duas xornadas de López Abente)

Na “Irmandade da Fala” da Cruña, estrenouse con moi éxito o drama en duas xornadas i-en prosa, cun intrígo en verso, do ilustre poeta, noso querido irmán, Gonzalo López Abente, cujo título dixemos:

“Maria Rosa” —primeira produción teatral do autor de “Alentos da Raza”— proba que este ten condicións dabantos para trunfar na literatura escénica, como trunfou na poesía e na novela.

Cantos asistiron ó estreno do seu drama, no que o elemento cómico lo patético áchanse maxistralmente mesturados, apraudiron con fondo entusiasmo os acertos notables de López Abente.

“Maria Rosa” —cujo final é de dramaturgo feito e directo— é unha obra boa que ven a sumarse ás poucas deixas agora presentables con que conta o noso nascente teatro.

Unha aperta ó querido irmán, polo seu trunfo.

“ROSINA” Drama en tres xornadas de Jesús San Lois Romero.

O xa tan apraudido autor de “O Fidalgo”, unha das obras mais forte, mais enxebre e mais nobre do noso Teatro, agora acaba de amostrar o estreno feito en Santiago, con grande éxito, con éxito excepcional, de “Rosina” que reúne todas as condicións que se percisan para pórse á beira dos melhores dramaturgos de Hespaña.

Noñ hai ningún que lle supere na habilidade maxistral para mover os monicreques da farsa, nin quen leve ó taboado tésis mais interesantes e con figuras arrinendas da realidá mais perfeitas, que este modesto bergantín dono d'unha intuición propia dos homes xeniaes.

As tres xornadas de “Rosina” chegan intensamente á i-alma do público. Hai n'elas momentos d'inspiración que despertan os maiores entusiasmos. “Rosina” poriso, ha percorrido triunfalmente, moi presto, todos os escenarios da Galiza.

San Luis na sua nova obra combate o alcoholismo, os matrimonios de comienzo. Los terribles defectos do tribunal do Xurado.

“Rosina” foi levada ó taboado con toda propiedade. Camilo Díaz, noso querido irmán, que é un pintor escenógrafo xa con sona en toda Hespaña polo grande dos seus merecimentos, fixo unha decoración de campa d'unha novidade por ningún superada.

“A MAN DE SANTINA” (Farsada en dos pasos de Ramón Cabanillas.)

Gragou a nós un exemplar d'esta fermosa obra que

tanto éstos conquirou nos moitos teatros donde se ten feito.

Leva un retrato do autor, o xenal poeta da Raza. A prosa d'esta farsada, prosa d'artista esquisito proba como o noso idioma serve cal poucos para a literatura mais sotil e refinada.

“A man de Santina”, venderáse como pan bendito.

Lembranza d'amore

Surdíu súpeta a lua trál-o pinos
que irtos érguense na cima montañosa,
como hostia sanguinaria e lumiosa
baixo palio d'escorzos pelengrinos

Seus lácteos fulgores diamantinos
tornaron a campía misteriosa....
¿Te non lembras?... Tua boea—neve e rosa—
mostrou meiga a rír seus dentes finos,
e un bico lle roubei con ansia tola:
i-ô sentir nos meus labres a frescura
d'aquela branca e linda dentadura,
ô trocarse ambas bocas n'unha sola,
nos teus ollos que o amor de lus enhía,
vin a Dios.... i-adorei a eucaristía!

A. VILLAR PONTE.

A farsada eleitoral

UN RÉXIME APODRECIDO

As inúteis discussóns de actas que datas atraiz vireron celebrándose no pazo do perpetuo antroido, ou sexa no Parlamento, serviron como poucas veces, ou cíncas como nunca, pra faguere patente e ollabre, ainda ós mais cegos, toda a falsedad e a farsa que no actual réximen gubernamental háchanxe choidas. De non virar de tempos un pouco arredados de nós o descreto do tinglado encarregado de goberñárenos e de lexislatar, abondarián as aludidas sesións pra faguer pendente ás institucións interreladas o pouco ou muito creto de que disfrutan.

E posivel qu'en todo o mundo se non hache política comparábel á hespanola polo absurda e oposta á realidade que ista é. As solucionis más inverosímiles, as más fantásticas deduccións, os más incongruentes resultados son os feitos que a costío elha dona. E pra probalo óllese si non o debate pirmeiramente aludido encolladas actas informadas polo chamado Tribunal Supremo da Xusticia. Postas de relieve unha e outra ver as anormalidades electorales cometidas enormidades que polo seu bullo opinanse ó occultamento—e conseguido de un certo caseque espírito polos eipositores dos abusos, o reconocimento

d'elles por parte dos persoeiros do Poder executivo—o que equivale en boa lóxica a unha declaración de culpabilidade—, empoxo tal reconecemento non foi de abondo en nengunha ocasión pra qu'elles, e con elles os seus secuaces, se pronunciaron cantas veces pranteouse o caso en contra de trunfo e o imperio da anormalidade, do abuso e da falsedad.

Pro aínda hai mais. O individuo inmaculado, o cibdá-dán exemplar, o verdadeiro merlo branco do actual réxime, según queren os seus partidarios—o lector terase decatado de que falamos de ese modelo de alonxamento da realidade que se chama don Antonio Maura—dimpois de rachare, ou pouco menos, as suas vestiduras, escandalizado polos desaforos que presenciaba, e de proclamar diante da farsa parlamentaria o atropello que os dictámenes postos á aprobación suponían, lonxe de pronunciarse polo trunfo daquel consideraba xusticia, axudando co seu voto, ven a realizar todo o contrario, demandando vigore e actualidade a aquela soada frase e que nós modificamos decindo, suponemos que acertadamente: "Eu non quito nem poño Rei, mais arudo é meu siñore o oligarquismo imperante, sen o que, nen eu nem os meus poderiamos existir." "Un verdadeiro Pilatos".

E dimpois de todo isto, que solo é unha pequena modalidade dos atropellos e das enormidades que a cotío cometan, ainda hai quien se abraia de que os abstencionistas da política aumenten de ano en ano; de que os enemigos do parlamentarismo e de toda acción política engrosen enormemente as suas filas; de que o grupo de desenganados da inutilidade da acción legal se faiga cada vez maior. O raro, o estrano sería que sucedese o contrario diante dos exemplos amostradores que da cote e derradeiramente ainda con más forza, viesen fagundo ollare a todos como a existenza e o funcionamento mesmo do actual Estado español son unha completa comedia que pra que nada se hache en oposición co que tal espetáculo existe, todo é simulado e apparente sen afincamento algúm na realidade.

Agora ben, pra nós os que avelamos unha transformación radical e fonda no Estado español, até o punto de que a transformación arreñada faiña do que hoxe é instrumento de opresión e de asoballamento, orgánismo de convivencia e de misterio de afectos, troque que únicamente será posivel coa desaparición do Estado hispano e co nacemento, no seu canto, do Estado ibérico que hoxe por hoxe sólo comprendemos e sólo cobizamos os verdadeiros patriotas, os feitos a cuia categoría pertenescen os lixeiramente apuntados e que conducen a unha acentuación cada vez mais fonda do descreto no constituido, e de descontento e de desengano nos difilmente convencibles, són pra nós, pra o noso labore unha gran axuda e, polo mesmo, non poden por menos de seren recibidos con ledicia, toda vez que pasenillamente van colaborando na obra nosa de arredamento e derrumbe.

MONDARIZ TEMPLO D'ENXEBRISMO

Os exemplares irmáns Peinador

Os irmáns Peinador, que renden culto á gloriosa lembranza do seu venerable paí, procurando a dignificación e progreso de Galicia en todos os ordes, teñen aberto como

xa sábedes un concurso na sua interesante revista "Mondariz" para premiar con premios en metálico valiosos os millores traballos sobre estes temas:

I. Medios para que as provincias galegas establezcan a mancomunidade no órde económico, recabando do Poder central certas reformas tributarias, c'lo fin de que teñan eficacia. Traballos que subsiguientemente deben de se realizaren para que a mancomunidade chegue a facer os camiños veciñas, estradas, tranvías, ferrocarrís eléctricos e más obras públicas que o fomento da riqueza requira. Sistema d'administración que a mancomunidade galega ten d'establecer.

II. Xeito mais doado para a colleita, conservación e espallamento da música gallega. Como podería chegarse o establecemento d'un conservatorio rexional de música, cunha sección ou escola de declamación, que insine os modos característicos que lle compren á escena galega. Xeito millor para que a música enxebre poida figurar nos reportorios das entidades filarmónicas peninsulares les-tranxéreas, desenvolviéndoas dentro dos medios da técnica dos modernos compositores.

III. Concurso da "Antiga casa gaélica". (Estudo da nosa arquitectura civil, da casa vivenda, con todal-as variantes, dentro castelo-pazo, ata os horníldes albergues dos labregos e mariñeiros.)

Os traballos hanse d'enviar a Mondariz enantes do 1º do Maio venidero. E o acto de os premiar, faceráse nunha soñe festa naquel Balneario.

Nós temos para os irmáns Peinador, tan patriotas, tan cultos, tan bóns e tan amigos nosos, un alaudo ateigado d'affento e admiración.

Eles poden serveren d'exemplo os riechos analfabetos de Terra.

História dos movementos nazónicas

Irlanda

VII

A cuestión relixiosa na Irlanda

HOME RULE IS ROMÉ RULE (a autonomía é o goberno de Roma) dín os oranxistas, facendo tan insidioso xogo de verbas. Ainda hoxe os protestantes británicos canganle ao nacionalismo irlandés unha sinificación do todo católica, do todo vaticanista. E preciso desconocer a historia do movemento irlandés, ou esquecela para facer tales afirmacións. Xa a nova Irlanda, na mitade do século XIX, aceptou nas suas filas aos homes de todal-as tendencias en cuestión relixiosa e tuvo entre os seus caudillos a patriotas protestantes. ¿Pode inorarse que Parnell, o gran Parnell, o «leader irlandés mais representativo, era protestante? En todos os partidos e en todas as institucións irlandesas teñen axudado e axudan os nacionalistas, sin diferencia de confesión relixiosa, como sucede na Liga Gaélica, que tuvo por representante a un protestante. Nos 80 diputados con que contaba na Cámara d'os Comunes, antes da guerra, Mr. Redmond, había 10 protestantes.

E ¿cómo pode decirse que o «Home Rule» é o mesmo que «Rome Rule», si a igrexa romana, non axudando ao movemento

nacionalista irlandés, dificultóuno, e combatéuno repetidamente? En mais d'unha vez o Vaticano e os mandatarios dos cregos, adoptaron unha actitude guerreante para os patriotas irlandeses.

O cardenal Cullen, xefe da igrexa irlandesa polos mediados do pasado século, seguiu, por inspiración de Roma, unha conducta do todo antinacionalista.

Este prelado prohibiu ao clero modesto que axudase ao movemento nazonal e chegou a obligalos, nas eleccións, a que axudaran aos candidatos do goberno, tanto si eran protestantes como católicos. Sómente o bispo Mac-Hale, que foi un grande patriota, negouse a cumplir a orde e fixo frente ao cardenal Cullen.

No derradeiro século, de cando en vez que o movemento nazonal irlandés reviráva-se ameazante, o goberno de Londres solicitaba axuda do Vaticano pra acabalo. En decotadas ocasións puxo-se de parte de Inglaterra e en contra de Irlanda. Os papás estuvieron mais a miúdo ao lado das comenencias diplomáticas que a dos sentimentos da relixión e da xustiza.

Por sabido que O'Connell era un fervente católico. Xa temos dito que ao ficar desprestixiado á face do seu pobo, quixo ir, enfermo xa de gravedade, á cibdade de Roma. Ao morrer en Génova, deixou no seu testamento aquelas solemnes verbas:

«Vaia a miña alma a Deus, o meu corazón a Roma e o meu corpo a Irlanda». Pois ben, o grande patriota mirou de cote con receio a acción do Vaticano na sua terra. A propósito d'esto dixo en famosas verbas: «Eu son sinceramente católico, más non son papista. Nego que o Papa teña autoridade temporal, nin directa nin indirecta, na Irlanda».

No 1814, entre o Vaticano e o Goberno inglés chegouse a un acordo en virtude do cual tiña que pagar o derradeiro ao clero da Irlanda, a troco da intervención da Coroa no nomeamento d'os bispos irlandeses, respecto ao qual pretendía odereito de voto. Esto equivalía a facer oficial a igrexa romana na Irlanda e poñela de certo modo e maneira baixo a dependencia do Goberno de Londres.

O Vaticano esforzouse en facer aceptar a reforma polos irlandeses. Pero éstes, con maioría de bispos e con O'Connell de frente, negáronse a elo de todo.

Os bispos xuntados en Asamblea en Dublín, dirixiron a Pío VII unha exposición tan enérxica que decía o que sigue:

«Por mais que veneramos sinceramente ao Supremo Pontífice como xefe visible da Igrexa, non podemos concebire que os nosos temores pola sorte da Igrexa católica romana na Irlanda, poidan ou teñan podido deixar de ser tidos na conta por unha determinación de Vosa Santidade, adoptada ou proyectada, non sómente sin o noso concurso, si non en oposto nas nosas repetidas resoluciones e pola memoria por nós presentada e sostida con tanta competencia por monseñor Murray, noso diputado, que, en calidade de tal, era mais competente para informar a V.º S.º sobre o estado real e os intereses da Igrexa católica na Irlanda, que calquera outra persoa de quen V.º S.º teña podido informárese.»

No 1844, o «tory» Sir Robert Peel pediu a Gregorio XIV que intervise para contrarrestar o movemento da «Nova Irlanda». Mais tarde todos os fenianos católicos foron excomulgados, e ao morrer no 1861 un dos seus xefes, Mac-Manus, o cardenal Cullen negou sepultura católica ao seu corpo.

Cando Parnell promoveu a formidable axitación agraria, o Goberno de Londres, aterrorizado, solicitou o concurso do Papa León XIII para contrarrestar o movemento. E o papa publicou o decreto «De Parnellio» (1884), condenando a axitación promovida por Parnell. Ao siguiente día de publicado o decreto, o Arcebispo irlandés Croke tuvo unha entrevista con León XIII, e este quixo xustificare a sua actitude decindo que o movemento feito por Parnell tería consecuencias. As observaciones do prelado, con-

testou León XIII: «Eu non son Papa de Irlanda, si non Papa da Igrexa universal, e non podo sacrificar a Igrexa por Irlanda».

«Non—contestou Croke—pero tampouco ten que sacrificarse Irlanda ás comenencias da Igrexa». O prelado rematou someténdose e declarando: «Cando o Papa de Roma falou, o arcebispo de Cashel non pode facer mais que calar».

Pero o pobo irlandés foi menos dobregado que o prelado, e non quixo someterse ao Vaticano. O decreto que ordenaba aos católicos que deixasen de contribuiren ao «Tesouro de Parnell», tuvo un efecto inmediato contraproducente: a cantidade recollida no Tesouro subiu de 4.000 libras esterlinas a 40.000.

Tanto os conservadores ingleses como os orangistas ulsterianos afirman que a autonomía da Irlanda, poñenda ésta baixo o goberno do Papa, abriría unha nova era de intolerancia relixiosa e de persecución contra os protestantes. Un dos mais acérrimos enemigos do «Home Rule», o eminente poeta inglés Rudyard Kipling, expresou o seu temor até no verso:

We know the war prepared
on every peaceful home
We know the hells declared
for such as served not Rome.

Nós sabemos que a guerra é preparada
en cada pacífico fogar.

Nós sabemos que os infernos son declarados
para os que non axuden a Roma.

Nas suas protestas fogosas e brutalmente apasionadas, os orangistas berran:

«Kick the Pope» (couce ao Papa), como si o Home Rule establecese o goberno do papa na illa.

Muitos historiadores ingleses protestantes teñen reconocido que non pode culparse aos irlandeses das persecucions relixiosas nin de excesos fanáticos. Taylor escribe: «E de xustiza engadir que nas tres ocasións que conqueriron (os irlandeses) o dominio da illa, non mataron nin deron maltrato a ningúen por profesar unha relixión distinta da propia. Sufriron persecucions e ensinaron o perdón, como se demostra no reinado de María, nas guerras do 1641 a 1648 e durante o trunfo de Jaime II».

Si houbo fanatismo relixioso na Irlanda, é o dos protestantes orangistas.

Son éstes tan odiosamente fanáticos, que, enloquecidos pola sua exacerbación, pola «bigotry», vén partasmas de persecución e a sombra mesma do Papa nas xustizas reivindicacionais do pobo irlandés. Enfermiza visión de fanatismo nuns, arma política n'os outros, o perigo da intolerancia católica na Irlanda é totalmente imaxinario.

(Seguiráse),

PENEIRANDO

Ao conocerse o resultado da discussión encol da acta de Arzúa —polo que o antíduviano sñor Mella fíeu composto e sen ser dipulado— eran moitos os que, nes pasillo de ise descretado centro de xuntanza de falsos persoeiros da voluntade popular chamado Parlamento, se laixaban de que o citado sñor non ocupase un posto no mesmo, xa que o tal posto, dicíais mais que a ningún outro, ou polo menos como a poucos, semella correspondelle por direito propio.

De un país onde abonda poseere unha verba cursi,

foca e valeira ateigada de retorcismos trasnoitados e mandados retirare, sen outras virtudes, pra seré considerado como inalienavel acredore à representación parlamentaria, xa se non pode decir nada, os feitos abundan pra fagueire ostensivel a crítica mais sañuda que d'el poña faguérese...

Debutón o sñiore Gil Casares (don Miguel) no Senado, como persoal no mesmo da Universidade compostelano (Non digamos da Gaega, xa que de ~~ella~~ xamais tivo nada) e as suas verbas foron pra pedirem la instauración definitiva das facultades de Fisofía e de cencias na Universidade por el representada?; lícias o establecemento de laboratorios e gabinetes de traballo no dito centro cultural, cuia defensa se lle encendou polo claustro do mesmo?; ¡tal vez o escrarecimiento de irregularidades en oposicións ou en exercicios polo xeito? Nada de iso.

O sñiore Gil Casares (don Miguel) ergueu, por primeira vez, a sua voz no Senado, pra pedire ó Ministro da Guerra que o destino a Oviedo de un novo Reximento de Inxenieros fixara sen efecto e qu'en troques, fora destinado a Santiago, como nun principio se 'maxinara... Non son percisos os comentarios. O apuntado abonda.

E menos mal ainda que algún xornal trocando, non sabemos si errónea ou piadosamente, os apellidos pón Casares GI, troque que a moitos fará pensare si se trata ou non do fósil acobillado na Facultade de Farmacia de Villa podre en cuio caso calquera cousa esplicarse facilmente.

E abraiente a frecuencia con que, pra occultaren e desmitaren os seus llos vergonhosos e os seus condenavais manexos, on utilizadas as verbas "patriotismo", patrias sentimento patriótico" e outras semellantes polos profesionaes de esa antroidada noxenta que chaman política o uso.

Por iso non en van, vaise donando o caso que cada vez miuda mais, de atopare soiamente persoas dignas, limpas de lixadura, ante as chatadas de "antipatriotas" e de enemigos dos Poderes constituidos actualmente.

O caso de Pi Margall acusado de filibusterio, insurxecto e mal patriota polos causantes da perda colonial ainda se non hacha tan lonxano...

O ferrocarril da costa tan arelado de cote, inda que pola actitude dos pobos que ten de percorrer e salvar do illamento non-o semelle, axiña será un feito. A tarefa do replateo do seu trazado xa escomezou.

E'moi posivel que alá pra o ano dous mil escomence a sua construcción. A data que tamén somos como probábel inda que semelle lonxana non-o é. Polos menos eisi se deduce da rapidez conque o replateo se leva a cabo trátase de un verdadeiro replateo cangrexil, tal é a sua velocidade.

Un rapaz adulón, amarelo él, e nado en Cuenca, que é catedrático en Ourense, comentando a conferencia que deu Correa Calderón na "Irmandade" de Cruña, dixo que non estaba conforme con que se supriman os "íños" e "íñas" no galego. Ten razón, senón como llemos

chamar aos Xaimiños, Felipiños e demás "íños" que por aquí andau?

O parvo Xaimiño non durme pensando no nazionalismo. En cuase todos os números da sua revista para americanos "fala d'él". ¡Molitas gracias polo reclamo e acougue un pouquín, senón vaise querer sin miolos para seguir fabricando novelas!.

Os elementos liberaes de Albacete dirixironse ao mafioso García Prieto, pregándolle que "los diríxiese con su consejo" ¡Probes xentes! nós que coldábamos que somentes era na "Voz" ond'o coñecían!

Eduardo Ortega Gasset, dixo no Congreso, saindo por malagueñas que para conquerir acta parlamentaria é preciso facer o mesmo que para ir a presidio.

Boa frase. Sobre todo despois que o mesmo Maura reconeceu que a Xusticia do mais alto Tribunal de Xusticia fixou polo chan.

Pois si o Tribunal Supremo procede así, agardade legalidá dos xuzgados ruraes.

Probe pais onde ninguén, sabido esto, pide pola independencia do Poder xudicial.

Propaganda Agraria

Fai poucas datas fixose un mitín de propaganda agrario-nacionalista no Tremo, Brión, perto de Santiago. N'el falaron os irmáns Culebras, Fernández de Bodao e Vilar Ponte.

Cásque seguidamente fixose outro en Lugo, no que polos nazionalistas falou o irmán Lois Peña Novo, rexedor do concello da Cruña.

Vénense preparando outros actos semellantes.

A XUVENTUD GALEGA

Galicia desperta pouco a pouco do profundo e longo sono en que viviu desde tempos lonxanos. Oxe, a labore d'as Irmandades, revistas escritas na fermosa língua galega e traballos que fan d'unha maneira particolare todos aqueles galegos que sinten amore á verdadeira pátreia, van espallando as ideas da gran obra que ten como punto de chegada, a redenzón da que n'outros tempos foi unha nazón independente, e oxe, pola cubiza de catro galopís, vése asoballada y-escravizada, cuase constituindo unha colonia d'a Hespaña oficial; y-eso, resultando xa intolerabel, parecería menos mal, si fóraram unha colonia d'a Hespaña, pero unha poseición ben atendida e gobernada, como o merece por moitos conceutos, a nosa Galicia.

Estas ideas sober da cuestión nazionalista, contan oxe con moiísimos partidarios; o número d'estes eu non o poido dicire, pero si asegúrovos que son a maior parte dos galegos que se

sínten verdadeiros fillos d'a Galicia. Níste gran feixe de nazionalistas que conta oxe a santa causa, encóntrase quasi toda xuventude galega: tanto a qu'istá n'a Terra com'a que istá espallada por todal-as partes d'o mundo, particoarmente pol-as Américas.

Nós oxe, sen esquencer ós vellos que tan bos exemplos nos deron, facemos chamamento á xuventude galega, pra que, polos medios que teña á sua man, traballe pol-a redenzón de Galicia: unhos por medio das revistas e xornás que se pubrigan n'a nosa Terra e pol-as Américas; outros dando á lus d'a verdade os direitos que temos os galegos pra que nos traten d'outra maneira más lóxica aqueles que Iles peta sirvámosses d'escravos ou pouco menos: outros, ispecialmente os que se encontren fora d'a pátrema, constituindo sociedades galegas, n'as que s'ispóñan por todol-os medios posibles, as ideias que nós profesamos, etc., etc.

O valente e nobre pobo céltico mostrouse sempre forte e animoso pra suas grandes ou pequenas cousas: n'ista que oxe nos

ocupa ispecialmente, xa que non falla a voluntade: todo é sabelo traballare pra que dea o froito que cobizamos os bos e xenerosos.

Traballemos por todol-os medios pra que Galicia chegue a ser ceibe dos seus tiranos; pra conseguire isto, o primeiro que debemos faguer é loitáremos pra que xurda a persoalidá galega, cousa que se propoñen, por oxe, as irmundades xa constituídas; díspois, Dios dirá...

Móstrese que os bos e xenerosos son fortes e nobres defendendo a redenzón de Galicia, e no dia de mañan... deitemol-o noso sangue, si esto chegare a ser preciso, pra conseguire a libertade de Galicia, a úneca e verdadeira nosa pátrema.

E pra rematar, eiquí tedes o que dixo un dos nosos poetas:

«Loitade, pois, irmaos! ¿Qué val a morte
Si logramos a nosa independenza?»

URBANO LOUSADA M.



De Portugal

«MAGNOLIA» (Rimas d'Amor e de Primavera).

Alexandre de Córdova, este notabre poeta portugués, que é tamén un moi culto oficial do Exército da República veciña, ténmos agasallado c'un exemplar do seu libro cuio título vai a cabeza d'estas líñas.

O noso bô amigo, a quien profesámoslle fonda estima, acerta nas suas rimas a nos dar unha fonda sensación de beleza e de arte.

Alexandre de Córdova, é un dos novos poetas lusos que camiña seguro hacia o cume da groria.

Todo fácese exquisito no libro d'este poeta de romanticísimo moi moderno!

Do que é pódese xusgar pol-a «Ofrenda» que lle sirve de introito:

«A's tuas mãos esguías e pequenas,

Entre follos rendas perfumadas

A oloendro, como as tuas tranças:...

—Que me lembran un par de pombas mansas

D'azas cansadas!

A's tuas mãos pequenas,

E luarizadas....»

Asin é todo dedicado, madrigalesco, d'un macio lirismo, no libro «Magnolia», algunas de cuias belas poesías pubricaremos n'este boletín, para que nosos leitores as coñezan.

De Cataluña

«PALABRAS DE AUGUSTO CASIMIRO» Noso distinto ami-

go Juan Estelrich, tivo a bondade, que muito ll'agradecemos, de nos remitire unha folla imprentada en catalán, na que, c'eo rubro «Cataluña-Galicia-Portugal», fala do nazionalismo galego e das arelas que nós e os intelectuaes i-artistas portugueses sentimos por chegarnos a unha alianza farterna i-estreita, basada na historia, na Geografía e nas características comunales do lirismo que fai xemeas as nosos almas.

Facemos somentes acuse de recibo, porque «El Noroeste» da Cruña, douxa a cofiecer o mais interesante do traballo de Juan Estelrich.

De Norteamérica

«O GALEGO NA UNIVERSIDADE DE KANSAS».

D. José M. Osma, merez un agasallo querendoso, ateigado d'amore, pol-o traballo de divulgación e dignificación que ven facendo da lingua patria na Universidade de Kansas, en Lawrence, da que él é culto profesore.

Xa temos falado dos propósitos do Sr. Osma. Mas oxe aqués propósitos abranguen a realidade mais espréndida. Finado o primeiro semestre lectivo, pódese decir que as conferencias dadas pol-o douto profesor, os alumnos da universidade de Kansas, sobre a nosa literatura i-a nosa lingua nos tempos pasados e presentes foron de moito proveito.

O Sr. Osma fixo resaltar a notabre actuación de Galizia en todal-as épocas.

Agora vai escomenzar as lecções do segundo semestre, i-elas acabarán de demostrarles ós mozos cultos de Norteamérica, como nós temos unha persoalidá propia i-un valor cultural que moitos parvos d'acó inda nos negan, resultando asin o mesmo que fillos desnaturizados.

Leede e propagade NOS, Revista de Vicente Risco

Desamor

Os ollos con que me miras
non son os acostumados,
na tua casa conezo
qu'andan os tempos mudados.

Cántiga popular.

—Ai Manöel, Manoeliño,
Manoel d'os meus pecados!
¿porqué agora, queridiño,
non me miras seguidiño
c-os ollos acostumados?

—Marica, tí tolleaches
ou seica inspirouche o deño
cando tal causa pensaches.
Muller ¿tí non reparaches
qu'eu outros ollos non teñio?

—Ai, Manöel, cómo viras
as follas que me engañaron
con tan dociñas mentiras!
Os ollos con que me miras,
non son os que me miraron.

Probe de míñ se coidara
que, cal nos tempos pasados,
soyo o teu peito ocupara!
Mais vexo na tua cara
qu'andan os tempos cambeados.

—Cambiaríanse pra tí,
qu'eu sonche o mesmo ¡pardiola!
—E logo, ô vires pr'equí,
por qué páraste na escola!
¿Qué che se perdeu ali?

—E que teño ali un sobriño,
e quero saber se adianta.

—Ai, Manöel, Manoeliño,
¿é por saber do meniño,
ou por falar co a escolanta?

—Vaya, tí seica deliras
ou tes uns celos fundados
en causas que son mintiras.

—Non, Manoel; tí non me miras
c-os ollos acostumados.

—Repito qu'outros non teñio,
e proba de qu'inda sou
aquei que sempre t'amou'
é qu'ô teu lado inda veño
e qu'ô teu lado inda estou.

—Pois xura, s'eres capaz
—¡Támén é empeño ateimado
xurar o qu'está porbado!
—¿Ves coma é certo, rapaz,
que ch'anda o tempo cambeado?

AVELINO RODRÍGUEZ ELIAS.

Don Miguel Xil Casares.—A Escola Normal de Maestras, os Centros docentes, as forzas vivas da Cruña, os diputados pol-a circunscripción e Santa Bárbara.

Houbo istes días a parodia d-un sainete. O Sr. D. Miguel Xil Casares, Senador pol-o Distrito Universitario din que anunciou no Senado unha interpelación, millor dito, din que había de anunciar unha interpelación ou faguer un rogo pra que fose levada a Santiago a Escola Normal de Maestras.

Oficialmente nada se sabía nin se sabe; o Sr. Xil Casares nada dixo; a interpelación in da non pareceu; foi somente un telegrama que acollía un rumor. Mais foi o suficiente pra que todal-as forzas vivas da Cruña despertasen da vida contemplativa a que se adican; e se xuntaran comisiós das Escolas Normal, de Comercio, de Náutica, de Artes y Oficios, Cámara de Comercio, Autoridades, etc., etc., para protestar enrabexadamente contra da pretensión do Sr. Xil Casares. Se mandaron telegramas aos Ministros, aos Diputados, falaron os xornaes, e as forzas vivas, cansas do tráfico, retornaron de novo, tranquilas e satisfeitas do deber cumplido, ao «doce farniente» da sua vida contemplativa.

Dempois resultou que o Sr. Xil Casares non pedira o traslado a Santiago da Escola da Cruña, sinón que pedira a creación en Santiago d-unha nova Escola de Maestras, petición certamente moi xusta. As forzas vivas da Cruña, por non saberen nada de xeito oficial, o pirmeiro que debían faguer, in da que somente fose por cortesía, era dirixirse ó Sr. Xil Casares para se enteraren, e dempois volver a dirixirse a él tamén pra lle rogar que retirase a sua petición. Mais a plancha xa non ten remedio.

Tal é o sainete que se foi malamente representando, foi en troques secundo en enseñanzas. Nos demostrou pirmeiro que as forzas vivas da Cruña se lembran de Santa Bárbara somentes cando trona; segundo, que os diputados pol-a circunscripción non valen para nada, e as mismas forzas da Cruña pensan que non valen para nada cando a eles para nada se dirixen; terceiro, que os dous senadores pol-a Cruña non foron molestados na segurança de os considerar incapaces a se ergueren no Senado pra rebatir o Sr. Xil Casares, e conste que nosoutros non queremos faguernos solidarios d-isa mala fama, contra da que protestamos, porque coidamos que o Sr. Ozores é home moito elocuente e o Sr. Pan moito elocuentísimo; e cuarto e derradeiro, que na Cruña as forzas vivas in da no adeprenderon a faguer más política que a política de telegrama, tan desacretada sempre e moito más dende que o Sr. Morodo foi Presidente da Cámara de Comercio; teñen as forzas vivas da Cruña que daprender do Sr. Fraga, Presidente da xunta de Obras do Porto, o únecho que sabe faguer política de realidás, e o más vivo de todal-as forzas.

Nosoutros, si o Sr. Xil Casares nos pidira consello, lle diríamos que debía pedir o traslado para calquer lado de todal-os Centros docentes da Cruña, porque non hai direito a ter unha Escola de Comercio sin edificio, unha Escola Normal sin edificio, unha Escola de Náutica sin edificio, sin material, e onde os profesores son abogados, dibuxantes, violinistas, etc., pero ningún é marino, un corpo de profesorado enciclopédico que pertenece a un tempo a todos ises centros; non hai direito, n-unha palabra, a ter Escolas sin maestros, sin paga, sin material e sin edificios. Si todo isto o debe faguer o pobo, iste demostrou a sua incapacidade pra sostener ises Centros dende o momento que pasan anos e anos sin faguer nada; si é cousa dos representantes, o pobo demostra a sua incapacidade ó non darles a cesantía; si é cousa do profesorado, hai que disolver un profesorado tan abúlico. N-unha palabra: pobo, representantes, autoridades e profesores, ou traballar pra dinificar ises Centros docentes ou conformarse c-o seu traslado; mais as causas non deben seguir como até d'agora. Os sainetes ir representalos ó Teatro. Porque no fondo de todo isto—e aquí tendes a clave do sainete—somentes hai unha cazurra maniobra da «Voz de Galicia» que quer por todal-os xeitos desacreditar o Sr. Xil Casares ó que non lle perdonha que haxa saído Senador derrotando o candidato garci-pretista.

L. P. N.

Lea vostede,

NOS

Bolelin mensual da cultura galega. Orgao da sociedade galega de publicacíós «Nós»

DIREITOR: Vicente Risco

EDITASE EN OURENSE

Redaición e Administración: Padre Feijóo, 12

Abonamento

| | |
|----------------------------------|-------------------|
| Doce números, na Península . . . | 6 ptas. |
| » » Fora . . . | 15 » |
| Número solto . . . : . | 0'60 na Península |
| | 1'50 fora |

EFFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer y Compañía-Sucresores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, bárcos de vela e pescadores.

Gran H. Universal

Rua da Reina (da Raíña) 21 - LUGO

O mais novo e millor

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa para todos os trens.

O Gran H. UNIVERSAL merece ser visitado

Leutores:

Quen queira ter un traxe bo, xeitoso e que lle coste pouco diñeiro, que o faga na Xastrería de

Xosé Varela da Costa

Rúa do Circo, 16-VIGO

LA SALUD

CASA DE BAÑOS
A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A millor surtida da Cruña e un dos establecimentos da sua crase que más honran a Galicia. Montada con arrego os derradeiros adiantos.

Materiales de construcción

CEMENTO ASLAND
MADEIRAS — CARBÓN
CENTRO XENERAL DE SEGUROS

Ignacio Pedregal

NA CRUÑA

Lloyd Real Holandés

ANSTERDAM

KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD

Servicio rápido por vapores correios desd'a
Cruña e Vigo cada tres semanas

Línea de América do Sur

| | |
|---------------------------|-------------|
| Vapor correo rápido . . . | «LIMBURGIA» |
| Id. id. id. . . | «Brabantia» |
| Id. id. id. . . | «GELRIA» |

Admiten pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.

As prazas teñen que solicitar con anticipación.

Línea de Cuba-Méjico e Nova Orleans

| | |
|---------------------------|-------------|
| Vapor correo rápido . . . | «HOLLANDIA» |
| Id. id. id. . . | «FRISIA» |
| Id. id. id. . . | «ZEELANDIA» |

Informará sobre precio de pasaxe e cabida

D. Raimundo Molina e Couceiro, Consignatario na Cruña e Vigo

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidad — Servicios directos dende o porto da Cruña
Próximas saídas pra Habana e Veracruz

Prezos do pasaxe incluidos impostos

| | | | | |
|--------------------------|---|-------|----------|----------|
| Primeira crase | Ponte de paseo: Camarotes de luxo . . . | Ptas. | 2.053'75 | 2.138'75 |
| | Id. id Camarotes exteriores . . . | " | 1.668'75 | 1.753'45 |
| | Id. superior: Id. id . . . | " | 1.498'75 | 1.593'75 |
| | Id. id. Id. interiores . . . | " | 1.293'75 | 1.378'75 |
| Ponte inferior | | " | 1.295'75 | 1.378'75 |
| Segunda crase | | " | 1.103'75 | 1.088'75 |
| Preferencia | | " | 808'66 | 798'60 |
| TERCEIRA CRASE | | " | 328'60 | 343'60 |

O dia fixo de saída anunciaráse oportunamente.

O pasaxeiro que deseje embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastha que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza. Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Pra toda cras de informes sóbor de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario.

D. NICANDRO FARIÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo

COMPAÑIA CHARGEURS REUNIS

Pra os portos de PERNAMBUCO, RIO JANEIRO, MONTEVIDEO e BOS AIRES, sairán direitamente d'este porto os vapores de dobre hélice e 10.000 toneladas

O dia 13 de Marzo sairá o magnífico vapor

Villaret de Joyeuse

Prezo do billete en terceira cras, 536'75

Admiten pasaxeiros de 1.^a, 2.^a, 2.^a económica e 3.^a crase.

Nenos menores de 2 anos, un gratis por familia; de 2 a 5 anos, coarto pasaxe; de 5 a 10 anos, medio pasaxe; maiores de 10 anos, pasaxe enteiro.

NOTAS INTERESANTES.—As mulleres que levan nenos que non chegan aos 10 anos, chamadas polos seus maridos, non poden embarcaren pra BOS AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE DO DEPARTAMENTO DE EMIGRACION DE BOS AIRES, permitindolle o embarcaren na REPÚBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algúns as cartas de chamada, autorización nin poderes ante os Cónsules hespañoles.

As mulleres que se atopen n'estas condicions e non presenten NECESARIAMENTE dito certificado, non ooden embarcar. Tamén teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS DE 60 ANOS e non vaian acompañados da sua familia.

O dia da saída anunciaráse con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Agencia cinco dias antes da saída do vapor.

Pra informes dirixirse aos Axentes Xeueras en Hespanha.

ANTONIO CONDE (Fillos) Praza d'Ourense, 2--A CRUÑA

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Saida do porto da Crúaara Bahía, Río de Xaneiro, Santos, Montevide o e Bos Aires

O dia 21 de Marzo sairá da Cruña o paquete correio

SAMARA

de 10.000 toneladas, admitindo carga e pasaxeiros.

| | Pernambuco | Bahia | Rio Xaneiro | Santos | Montevideo | Bos Aires |
|-------------------------------|------------|-------|-------------|----------|------------|-----------|
| En primeira crase . . . Ptas. | 1.215'90 | | 1.506'90 | 1.555'40 | 1.700'90 | 1.749'40 |
| En segunda crase . . . " | 894'95 | | 967'70 | 991'95 | 1.064'70 | 1.113'25 |
| En segunda intermedia . . . " | 690'50 | | 690'60 | 690'60 | 690'60 | 690'60 |

Prezo do pasaxe en 3. crase a Brasil, Montevideo e Bos Aires (incridos impostos), Pesetas 521'75

Para mais informes dirixirse aos seus consinatarios:

ANTONIO CONDE (Fillos) Praza d'Ourense, 2--A CRUÑA